

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 31 de maio de 2013

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o trinta e un de maio do ano dous mil trece, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados don Rosendo Luis Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don Antonio Montero Fernández, don José Antonio Feijóo Alonso, don Emilio José Pazos Ojea, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto e don Eladio Mangana Nóvoa, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DO DÍA 24 DE MAIO DE 2013.- Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día vinte e catro de maio de dous mil trece, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, sen observacións.

2.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.- Retírase este asunto da orde do día, debido a que, segundo explica a Sra. Interventora, está pendente confirma-la situación de embargo dalgúns dereitos de crédito incluídos inicialmente no asunto.

3.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Trala unánime declaración da urxencia, por non figurar na orde do día, tratouse o seguinte asunto:

3.a) APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE VERÍN.- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente n.º 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87ª, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 35.000,00 euros a favor do Concello de Verín, para levar a cabo un estudo de rehabilitación da área termal, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de**

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 31 de maio de 2013

Goberno, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Verín, nos seguintes termos:

-Importe: 35.000,00 €.

-Obxecto: estudo de rehabilitación da área termal.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

-Prazo xustificación: ata o 28 de setembro de 2013.

4.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Neste punto, e á proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, manifesta a súa felicitación á Coral de Ruada pola recente concesión da Medalla Castelao.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e quince minutos, do referenciado día trinta e un de maio do ano dous mil trece, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,